

TERMOS E CONDICIÓNS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A PUBLICACIÓN DE ARTIGOS EN REVISTAS CIENTÍFICAS DE ACCESO ABERTO.

Obxectivo e prazos da convocatoria:

Promover a publicación de artigos de acceso aberto en revistas indexadas.

O prazo para a solicitude das axudas será dende o día seguinte á súa publicación na web do COE ata o 31 de Xaneiro de 2023.

1. Requisitos dos participantes:

As persoas que soliciten axudas para publicar artigos en revistas científicas de acceso aberto deben cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser enfermeiro/a colexiado no COE de A Coruña.
2. Estar ó corrente de pago das cuotas colexiais.
3. Ser o primeiro autor do artigo.

Quedarán excluídas da convocatoria as solicitudes de persoas que:

1. Realicen máis dunha solicitude na mesma convocatoria.

2. Características do artigo:

1. Aceptado para a súa publicación nunha revista científica indexada. A posición da revista no índice correspondente será valorada segundo a data de aceptación do artigo e a última versión publicada na clasificación correspondente.
2. A data de aceptación do artigo para o que se solicita a axuda debe estar entre o 1 de Xaneiro e o 31 de Decembro de 2022.
3. Do total de autores do artigo, ó menos o 50% deberán ser enfermeiros/as.

3. Procedemento para a obtención das axudas:

1. A solicitude só se pode facer unha vez o manuscrito foi aceptado para a revista.
2. O primeiro autor do artigo debe cubrir o formulario de solicitude que se pode atopar na páxina web do COE, aportando os seguintes documentos:
 1. Solicitude de axuda.
 2. Documento de autoría.
 3. PDF do artigo, DOI ou documento de aceptación na revista.
 4. Factura proforma ou xa pagada. Estas deben figurar ó nome do solicitante da axuda. Non se aceptarán facturas xa pagadas por organismos alleos ó COE de A Coruña.

3. A documentación enviarase por correo electrónico ó COE de A Coruña (colegio@coecoruna.org) co asunto “Axudas á publicación en revistas de acceso aberto (ano da convocatoria)”. O COE facilitará ao interesado o rexistro de entrada da solicitude, co que se identificará a mesma.

4. As solicitudes aceptaranse por orde de chegada. En caso de non cumprir algún dos requisitos dos participantes, faltar algún documento ou a sinatura dun dos autores, a solicitude será automaticamente excluída.

5. Unha vez confirmado que a solicitude cumpre cos requisitos da convocatoria, enviarase un primeiro correo electrónico coa confirmación da concesión da axuda e posteriormente, un certificado por vía postal.

4. Contía das axudas.

En total, concederanse un máximo de 10 axudas por un importe do total do coste de publicación, ata un máximo de 1000 euros cada unha.

O COE informará a través da web, na sección de axudas á investigación, se a convocatoria está aberta (aínda ten orzamento) ou pechada (foron concedidas todas as axudas).

No caso de recibirse máis solicitudes que o total de axudas concedidas, poderanse conceder axudas extraordinarias, en caso de contar con financiamento, do cal se informaría na devandita sección da web do COE.